


**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2023-2024**

**DEPARTAMENTO DE ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS**

# **INTERMEDIO**

## **B2**



## INDICE

1. Definición do nivel B2.....	2
<b>2. Obxectivos xerais.....</b>	<b>2</b>
2.1. Comprensión de textos orais.....	2
2.2. Producción e coprodución de textos orais.....	2
2.3. Comprensión de textos escritos.....	2
2.4. Producción e coprodución de textos escritos.....	2
<b>3. Obxectivos específicos.....</b>	<b>3</b>
3.1 Comprensión de textos orais.....	3
3.2 Comprensión de textos escritos.....	3
3.3 Producción e coprodución de textos orais.....	3
3.4 Producción e coprodución de textos escritos.....	4
3.5 Mediación oral e escrita.....	4
<b>4. Contidos. Secuenciación e temporalización.....</b>	<b>4</b>
<b>5. Recursos didácticos.....</b>	<b>18</b>
<b>6. Ensino semipresencial e en liña.....</b>	<b>18</b>
<b>6.1. Metodoloxía e actividades durante a docencia semipresencial e non presencial.....</b>	<b>18</b>
6.2. Información, publicidade e detección de situacións de vulnerabilidade.....	19
<b>7. Metodoloxía e avaliación (Ver documento “Partes comúns” na web).....</b>	<b>20</b>

## **1. Definición do nivel B2**

De acordo co RD 1629/2006 e a Lei Orgánica de Educación de 2006, o programa para o curso Intermedio B2 ten como referencia o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia (MCER) que se define como segue:

*“É capaz de entender os puntos principais dunha información clara de rexistro estándar en temas cotiáns que se encontran normalmente no traballo, na escola, en situacións de ocio, etc. É capaz de defenderse na maioría de situacións que poden xurdir cando se viaxa por unha zona onde se fala o idioma obxecto de estudo. É capaz de producir textos sinxelos unidos por conectores sobre temas cotiáns ou de interese persoal. É capaz de describir experiencias e sucesos, soños, esperanzas e ambicións e de dar breves razóns e explicacións referentes a opinións e plans.”*

Por outra parte, a lexislación galega (DOG 191/2007 do 20 de setembro) declara que este nivel *“supón utilizar o idioma con certa seguridade e flexibilidade, receptiva e produtivamente, tanto na forma falada como na escrita, nunha variedade de situacións que requiran comprender e producir textos en lingua estándar, con estruturas habituais e un repertorio léxico de uso frecuente, e que versen sobre temas xerais, cotiáns ou polos que se ten un interese persoal”*.

A duración deste curso é de 130 horas, repartidas en dúas sesións semanais de 120 minutos.

## **2. Obxectivos xerais**

### **2.1. Comprensión de textos orais**

Comprender textos extensos ben organizados e lingüisticamente complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, incluso de carácter técnico sempre que estean dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de lingua estándar, transmitidos mediante calquera canal, articulados a velocidade normal e mesmo nun entorno ruidoso ou con interferencias.

### **2.2. Producción e coprodución de textos orais**

Falar e interaccionar oralmente con fluidez, precisión, eficacia e espontaneidade sobre unha ampla serie de temas relacionados cos distintos ámbitos de interacción social, marcando a relación entre as ideas, expresando e defendendo puntos de vista con claridade e proporcionando explicacións e argumentos adecuados cun alto grao de corrección e naturalidade que permita que a comunicación se realice sen esforzo.

### **2.3. Comprensión de textos escritos**

Ler cun alto grao de independencia textos extensos e de certa complexidade lingüística en lingua estándar, en variedade de rexistros, adaptando o estilo e a velocidade da lectura aos distintos textos e finalidades, utilizando fontes de referencia apropiadas de forma selectiva, e cun amplo vocabulario activo de lectura aínda que teña algunha dificultade con expresións pouco frecuentes.

### **2.4. Producción e coprodución de textos escritos**

Escribir textos de extensión variada, claros e ben estruturados, con diferentes propósitos comunicativos, sobre temas relacionados cos diferentes ámbitos da vida social, transmitindo e requirindo información con eficacia, e defendendo, cando cumpra, puntos de vista sobre temas de carácter xeral, destacando as ideas principais, establecendo relación cos puntos de vista doutras persoas, valorando e sintetizando distintas opcións procedentes de varias fontes cando corresponda.

### 3. Obxectivos específicos

O nivel avanzado deberá ter como referencia as competencias propias do nivel B2, segundo se define este nivel no MCERL do Consello de Europa. O nivel Intermedio B2 ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situación comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros, e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, e riqueza léxica. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

#### 3.1 Comprensión de textos orais

*Entender discursos complexos sempre e cando o tema sexa relativamente coñecido. Comprender noticias de televisión, os programas sobor temas actuais e a maioría das películas.*

- ! Entender a maior parte de programas radiofónicos tales como noticias, entrevistas, cancións ou comentarios deportivos e podo percibir o humor, o tono, etc. da persoa que fala.
- ! Entender as ideas principais dun discurso complexo na lingua estándar sobre temas concretos e abstractos.
- ! Comprender programas televisivos en lingua estándar tales como documentais, entrevistas en directo, debates, obras de teatro e a maior parte de películas.
- ! Entender conversas en lingua estándar que podo atopar na miña vida social, profesional ou académica, e identificar os puntos de vista dos que falan, así como o contido informativo.

#### 3.2 Comprensión de textos escritos

*Entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, incluso si son de carácter técnico sempre que estén dentro da súa especialización.*

- ! Entender reportaxes e artigos de opinión.
- ! Entender rápidamente o contido e a importancia de noticias, artigos ou informes sobre temas profesionais ou do meu interés e decidir se merece a pena profundizar na súa lectura.
- ! Entender reseñas e críticas culturais de cine, teatro, libros, exposicións, etc.
- ! Recoñecer na lectura dunha novela ou dunha obra de teatro os motivos polos que reaccionan as persoaxes e entendo a qué consecuencias levan as súas decisións para o desenrolo da trama.
- ! Entender textos especializados no meu campo de interés.
- ! Comprender con moito detalle correspondencia formal, institucional, comercial ou profesional relativa á miña especialidade.

#### 3.3 Producción e coproducción de textos orais

*Relacioarse con falantes nativos con un grao suficiente de fluidez e naturalidade de xeito que a comunicación se realice sen esforzo por parte de ningún dos interlocutores.*

- ! Participar con naturalidade nunha conversa ou discusión sobre calquera tema de carácter xeral.
- ! Iniciar, manter e terminar unha charla con naturalidade e de utilizar con eficacia os turnos de fala.
- ! Expresar e defender as miñas opinións en situacións diversas mediante explicacións, argumentos e comentarios relevantes.
- ! Intercambiar información ampla e detallada relacionada co meu campo de especialización ou

intereses.

- ! Comentar opinións doutras persoas, indicando as vantaxes e inconvenientes dos seus puntos de vista.
- ! Manter viva unha discusión sobre temas coñecidos confirmando que o que entendín é correcto, invitando os demais a participar, etc.

### **3.4 Producción e coproducción de textos escritos**

*Producir textos claros e detallados sobre temas diversos, así como de defender un punto de vista sobre temas xerais indicando os pros e os contras das distintas opcións.*

- ! Escribir textos claros e facilmente lexibles sobre acontecementos e experiencias reais ou ficticias.
- ! Resumir información procedente de diferentes fontes e medios.
- ! Escribir textos destacando os puntos máis relevantes e incluíndo razoamentos detallados sobre temas variados dentro do meu campo de interés.
- ! Escribir textos detallados (redaccións, informes ou textos de presentación) sobre temas relativos ao seu campo de interés.
- ! Escribir unha breve crítica sobre unha película ou un libro.
- ! Desenvolver unha argumentación nunha redacción ou un informe destacando os puntos máis relevantes e incluíndo detalles de apoio.
- ! Escribir unha carta de presentación.
- ! Escribir unha carta de reclamación.
- ! Escribir correos electrónicos persoais.

### **3.5 Mediación oral e escrita**

Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

## **4. Contidos. Secuenciación e temporalización**

Os contidos responden a aquilo que se debe ensinar e aprender para lograr os obxectivos comunicativos propostos para este subnivel. Carecen de entidade propia, pois unicamente deben ser considerados na medida en que son os instrumentos necesarios para acadar o grao de dominio lingüístico establecido nos mínimos esixibles.

Para lograr as aprendizaxes establecidas para este nivel, realízanse actividades da lingua que impliquen procesos para producir e recibir textos relacionados con temas incardinados en ámbitos específicos, poñendo en xogo as estratexias máis axeitadas para levar a cabo as tarefas que se deban realizar.

## **PRIMEIRO CUATRIMESTRE**

Traballo con libro *Aula 5 Curso de español. Nueva edición.B2.1* que servirá de guía.

## **SEGUNDO CUATRIMESTRE**

<b>TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 1: Buenas noticias</b>			
<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 5 Curso de español. Nueva edición.B2.1</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Redactar o xornal da clase		
<b>CO</b>	Comprender unha nova de radio Comprender novas de televisión		
<b>CE</b>	Comprender unha nova de prensa escrita Comprender entrevistas escritas a personaxes de actualidade		
<b>PCOM</b>	Transmitir oralmente unha nova escoitada ou lida nun medio de comunicación Referirse a novas e comentalas		
<b>PCEM</b>	Escribir un artigo xornalístico Redactar unha nova real ou inventada		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Medios de comunicación</b>	
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Medios de comunicación máis coñecidos do mundo hispano Hábitos televisivos e de lectura dos españois Novas importantes na historia de España e dalgúns países latinoamericanos	Seleccionar a información relevante nunha nova. Elixir un título que resuma mellor unha nova. Utilizar expresións feitas e de mediación para referirse a un tema coñecido ou suposto.	Dar información sobre feitos acontecidos  Falar sobre novas de actualidade .	Novas de radio, prensa escrita e televisión  Entrevistas
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI- Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Adecuación da entoación á hora de ler unha nova, de transmitir información coñecida. Recoñecemento e uso das formas ortotipográficas específicas	Verbos de transmisión da información (verbos de lingua) Feitos salientables na vida dunha persoa Linguaxe xornalística	-Formas e usos dos verbos do pasado - Formas de expresar impersonalidade (voz pasiva, se + 3ª persona) -Usos e valores do “se” - Pronomes de acusativo e anticipación do complemento directo - Usos de “lo de” como mecanismo de referencia	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Comprende e resume as ideas esenciais que se transmiten nun texto periodístico Fala sobre feitos acontecidos Describe diferentes temas de diferentes tipos de novas. Redacta unha nova real ou inventada.			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 2: ¿Y tú qué opinas?

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	4 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 5 Curso de español. Nueva edición.B2.1</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Celebrar unha assemblea popular sobre normas de convivencia redactar un manifesto		
<b>CO</b>	Comprender un debate radiofónico Comprender entrevistas cargadas de opinións		
<b>CE</b>	Comprender unha nova de prensa sobre unha postura determinada		
<b>PCOM</b>	Transmitir oralmente opinións propias e aludir a opinións anteriores Propoñer e respaldar ou rexeitar propostas doutros		
<b>PCEM</b>	Escribir un artigo de opinión Redactar un manifesto breve a favor ou en contra dun tema de actualidade		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Vivenda, fogar e contorna +Ciencia e tecnoloxía.</b>	
<b>I- Socioculturais sociolingüístico</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
ONGs españolas. O movemento 15 M. Turismo alternativo en España. Iconos turísticos do mundo hispano	Tomar notas durante a lectura segundo os obxectivos perseguidos. Respectar as opinión dos demais usando linguaxe non verbal Extraer os argumentos fundamentais dun debate Diferenciar entre argumentos a favor e en contra Coñecer tácticas e estratexias argumentativas	Opinar+Argumentar a favor e en contra. Matizar e aclarar unha opinión, aclarar Expresar acordo e desacordo. Facer propostas Aludir a temas e intervencións alleos Respaldar ou rexeitar unha proposta	Artigos de opinión  Entrevista.  Debate televisado
<b>V- Fonético-fonolóxico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Recursos lingüísticos e paralingüísticos para xestionar os turnos de palabra.	Conectores argumentativos e Recursos para secuenciar argumentos. Recursos para propor, aceptar e rexeitar propostas. Ocio e turismo. Ciencia e a tecnoloxía Ética. Conflictos políticos e temas sociais actuais: movementos <i>slow food</i> e <i>slow cities</i> , piratería informática.	- Verbos de lingua e pensamento e réxime das proposicións subordinadas sustantivas. - Estruturas <i>es+ Adx.+ proposicións subordinadas sustantivas.</i> - Condicionales: <i>Si+ Indicativo y Siempre y cuando/siempre que/solo en el caso de que/a condición de que+Subjuntivo</i>	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Comprende textos de opinión oral e escrita Comprende e produce textos argumentativos Comprende e resume as ideas esenciais que se transmiten nun debate sobre un tema polémico Opina a favor e en contra Argumenta usando estratexias Intervén nun debate defendendo as súas opinións e aludindo a opinións anteriores			

### TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 3: Yo nunca lo haría

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 5 Curso de español. Nueva edición B2.1</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Decidir qué compañeiro/as poden participar nun reality show e deseñar un concurso		
<b>CO</b>	Comprender o relato de experiencias individuais relacionadas con choques culturais		
<b>CE</b>	Relacionar imaxes con texto escrito Resumir as ideas principais dun texto		
<b>PCOM</b>	Reflexionar en grupo sobre normas, costumes, modo de vida, gastronomía e concepción da morte en España facendo unha comparativa cós diferentes países de orixe dos alumnos		
<b>PCEM</b>	Escribir un texto para describir unha festa ou tradición do país de orixe Redactar por parellas e en grupo das normas da clase		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b> <span style="float: right;"><b>TEMA: Saúde e coidados físicos+actividades de ocio</b></span>			
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
A interculturalidade a a diferenza de comportamento dentro das diversas culturas Festas e eventos do mundo hispano Concursos de tv españois	Aportar o propio punto de vista para defender unha argumentación e mediar con respecto ante as diferenzas culturais	Dar consellos Evocar e describir situacións imaxinarias Opinar sobre accións e condutas Expresar descoñecemento Expresar desexos Falar de sentimentos	Prensa de actualidade Artigos en revistas e páxinas web Programas de televisión Concursos
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Recoñecemento e uso da entoación para marcar sentimentos	Deportes Tradicións Festas Sentimentos	- Condicional hipotética: “si fuera”, “si estuviera...” + condicional - “No sabía que...”+ <i>Pretérito Imperfecto de Subxuntivo</i> - <i>Pretérito Imperfecto de Subxuntivo</i> de “ser”, “estar” y “poder”. - Formas e usos do Condicional	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Entende e da consellos Evoca e describe situacións imaxinarias usando condicionais hipotéticas e outros recursos Opina sobre accións e condutas Expresa descoñecemento Comprende e expresa desexos oral e por escrito Fala de sentimentos e comprende a diferenza no grao de sentimentos expresados Entende e describe a dinámica de concursos tipo <i>reality-show</i>			

### TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 4: Maneras de vivir



<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 5 Curso de español. Nueva edición.B2.1</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Deseño e presentación na aula dun lugar ideal para vivir		
<b>CO</b>	Comprender o relato de persoas falando dos seus estilos de vida Comprender experiencias persoais		
<b>CE</b>	Entender anuncios en páxinas web de búsqueda de persoas Comprender a sinopsis de películas		
<b>PCOM</b>	Expresar e matiza sentimentos persoais e doutras persoas Falar de situacións hipotéticas Entender a presentación de lugares ideais para vivir		
<b>PCEM</b>	Escribir a presentación oral dun lugar ideal para vivir		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: : Relacións humanas e sociais</b>	
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Cine mexicano Os novos modelos de familia en España. Tribus urbanas en España. Novas maneiras de relacionarse: <i>speed dating</i> , foros e servicios de citas a través de Internet.	Axustar a profundidade e a velocidade da voz aos obxectivos perseguidos: expresar con precisión determinados sentimentos Mediar na transmisión de sentimentos persoais	Dar consellos e facer propostas Expresar sentimentos e estados de ánimo Falar do carácter e da personalidade Expresar causa, finalidade e consecuencias hipotéticas	Foros de contactos persoais Enquisas Consultorio radio Páxinas web de búsqueda de parella Sinopsis de películas
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Recoñecemento e uso da entoación para marcar sentimentos Entoación de preguntas	Verbos con preposición Estructuras relacionados coa expresión dos sentimentos. Cualidades das persoas, valores e relacións afectivas	- Condicional hipotética: “si fuera”, “si estuviera...” + condicional - Correlación nas subordinadas adxectivas con Subxuntivo: <i>Pasado Indicativo-Preterito Imperfecto de Subxuntivo</i> - Conectores discursivos - Formas e usos do Condicional	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Entende e da consellos relacionados con temas sentimentais Fala de sí mesmo e das súas relacións humanas e sociais. Comprende e expresa propostas oral e por escrito Fala de situacións hipotéticas: describe un lugar ideal para vivir. Comprende e media na transmisión de diferentes modelos de relacionarse sentimentalmente Redacta e formula por oral preguntas hipotéticas Responde axeitadamete a preguntas hipotéticas			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 5: Lugares con encanto

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 5 Curso de español. Nueva edición. B2.1</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Facer unha guía turística alternativa de Vigo e os seus arredores (a partir da recopilación dos textos de cada estudante)		
<b>CO</b>	Comprender a descrición de cidades		
<b>CE</b>	Entender textos descritivos de viaxes		
<b>PCOM</b>	Comprender documentais sobre historia das cidades Entender programas de radio sobre viaxes Facilitar a comprensión a outro/as usando mecanismos de mediación		
<b>PCEM</b>	Escribir un texto descritivo de lugares alternativos de Vigo Tomar notas en audicións de guías de viaxes		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>			
<b>TEMA: Viaxes e transportes+ bens e servizos</b>			
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Calidade de vida nas distintas cidades españolas e latinoamericanas. Lugares de Vigo e arredores Mario Benedetti e Pablo Neruda	Organizar ideas en textos a través de parágrafos Facilitar a comprensión a outro/as usando mecanismos de mediación.	Descibir lugares, cidades, barrios cun bo nivel de precisión Falar de sentimentos asociados a lugares Falar de ideas previas e expectativas.	Guías de viaxes Texto histórico Páxinas web sobre viaxes Documental audiovisual Podcast Poemas
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Familiarización con acentos latinoamericanos. Identificación de tono empregado en guías de viaxes	As cidades: urbanismo, atractivos turísticos, bens e servizos, construción, compra e aluguer de vivendas.etc. Vocabulario de viaxes.	- Oracións de relativo explicativas e especificativas. - As partículas relativas ( <i>que, quien, cuyo, el cual</i> , adverbios relativos). -Usos do participio. - Verbos de percepción e opinión e o seu réximen.	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Fala de cidades: descríbeas e comenta cualidades e defectos. Fala de crencias, expectativas e informacións previas. Expresa sentimentos referidos a lugares. Comprende a descrición oral e escrita de cidades en guías de viaxes Escribe textos descritivos de lugares especiais Toma notas en audicións de guías de viaxes e sabe transmitilas aos seus compañeiro/as			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 6: Se valorará experiencia

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 5 Curso de español. Nueva edición. B2.1</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Establecer as condicións para unha convocatoria nun concurso e elixir a obra gañadora		
<b>CO</b>	Comprender as condicións de convocatorias de concursos, proxectos, postos de traballo..		
<b>CE</b>	Entender convocatorias de diferentes tipos Comprender e transmitir as ideas principais dunha entrevista sobre arte		
<b>PCOM</b>	Completar unha solicitude a unha convocatoria Describir fotografías artísticas e de denuncia.		
<b>PCEM</b>	Escribir un texto descritivo dunha obra de arte		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Trabajo</b>	
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Artistas representativos de diversas manifestacións artísticas hispanas. Concursos e convocatorias populares do mundo hispano	Algunhas diferencias entre a lingua oral e a escrita: dominar o uso entre rexistros.	Describir fotografías artísticas e de denuncia. Expresar condicións. Opinar sobre arte Entender e expresar requisitos de xeito formal e informal.	Artigo de revista especializada no eido da arte, Entrevista Currículos. Convocatorias.
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Diferencia entre a entoación dos diferentes rexistros: formal/informal; oral/escrito.	Recursos para establecer requisitos. Léxico das convocatorias. <i>Cualquier-cualquiera</i>	- Oracións impersoais con <i>se</i> . - Construcións relativas. establecer condicións indispensables: <i>es imprescindible que + Subxuntivo</i> . - O <i>Pretérito Perfecto de Subxuntivo</i> . - Usos do infinitivo composto.	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Fala de manifestacións artísticas: descríbeas e coméntaas. Transmite e resume as condicións dunha determinada convocatoria. Expresa a súa valoración dunha obra de arte. Comprende a descrición oral e escrita de convocatorias e concursos Escribe textos descritivos de obras de arte Toma notas en audicións de entrevistas e transmite as ideas principais			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 7: El cuerpo en movimiento

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 6 Curso de español. Nueva edición.B2.2</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Preparar unha clase dalgunha actividade corporal para mellorar un determinado problema de saúde		
<b>CO</b>	Comprender as instrucións dunha actividade corporal		
<b>CE</b>	Entender as acotacións dun guión de cine Comprender e transmitir as instrucións dun prospecto/ texto instruccional		
<b>PCOM</b>	Completar as instrucións para acadar un obxectivo dado Describir os movementos e expresións dunha escena nunha película		
<b>PCEM</b>	Escribir un texto instruccional		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>			<b>TEMA: Saúde</b>
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Cine español Xestos e comunicación non verbal Remedios de saúde tradicionais hispanos	Transmitir instrucións dun xeito preciso  Comprender as instrucións	Describir actividades, movementos e situacións das persoas e das cousas con precisión Dar instrucións Falar da postura corporal Expresar sentimentos e estados físicos e de ánimo	Artigo de revista especializada en saúde e deporte Guión cinematográfico Instrucións Conversas
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Diferencia entre a entoación á hora de transmitir instrucións	Verbos de movemento Saúde e cuidados físicos: medicamentos, enfermidades, estados físicos e de ánimo, tratamentos, etc.	- O modo <i>Imperativo</i> : formas e usos. - Verbos de cambio: <i>volverse, quedarse, ponerse</i> - Como si+ <i>Pretérito Imperfecto de Subxuntivo</i> - Marcadores temporais: <i>mientras, mientras tanto, de pronto/de repente</i> - <i>Al+ Infinitivo</i>	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Describe os movementos e expresións dunha escena nunha película Transmite e describe síntomas e remedios de doenzas comúns. Expresa a súa valoración dunha actividade corporal Comprende a descrición oral e escrita de guións cinematográficos Escribe textos instrucionais Segue de xeito físico instrucións relacionadas cos movementos corporais.			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 8: Dijo que lo haría

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 6 Curso de español. Nueva edición.B2.2</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Facer un simulacro dunha mediación		
<b>CO</b>	Comprender un conflito e a súa mediación		
<b>CE</b>	Entender as xustificacións nunha conversa escrita Comprender e transmitir as palabras doutras persoas		
<b>PCOM</b>	Posicionarse nun conflito argumentando as razóns a partir dunha análise da situación		
<b>PCEM</b>	Escribir unha carta de reclamación Escribir unha carta dun lector/a		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Medios de comunicación</b>	
<b>I-Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Organismos de reclamación en España Conflictos máis frecuentes en las escuelas españolas	Transmitir as palabras doutras persoas coa máxima precisión	Expresar finalidade. Expresar involuntariedade e intencionalidade. Reclamar o incumplimento dun compromiso Aludir a promesas en estilo indirecto. Excusarse.	Carta formal de reclamación Cartas de lectores. Anuncios publicitarios Reclamacións. Discusións
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Diferencia entonativa á hora de reclamar, mediar, expresar intencionalidade e non intencionalidade	Recursos para: - excusarse: <i>es que/ no es que</i> - expresar intencionalidade e involuntariedade. Formación de calificativos con algúns prefixos.	- Proposicións subordinadas con <i>para, para que</i> e outros conectores finais. - Partículas temporais <i>hasta que, cuando, tan pronto como+ presente e imperfecto de subxuntivo</i> . -Usos de <i>se</i> na expresión da involuntariedade. - Estilo indirecto	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Transmite as palabras doutras persoas coa máxima precisión Expresa oralmente e por escrito finalidade. Expresa graos de involuntariedade e intencionalidade. Reclama o incumplimento dun compromiso Excúsase dominando e diferenciando rexistros. Comprende un conflito: causas, culpables e non culpables, consecuencias, solucións, etc. Escribe un escrito de reclamación efectivo Escribe unha carta do lector			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 9: Así pasó

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 6 Curso de español. Nueva edición.B2.2</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Montar un programa de tv de crónicas de sucesos (dos seus barrios en Vigo ou dos seus países)		
<b>CO</b>	Comprender e referir eventos pasados		
<b>CE</b>	Entender unha lenda ou un conto Comprender un suceso social		
<b>PCOM</b>	Comprender unha crónica deportiva		
<b>PCEM</b>	Escribir un suceso do pasado		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>			<b>TEMA: Historia</b>
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Lendas de México Sucesos do mundo hispano Crónicas futbolísticas	Transmitir as palabras doutras persoas coa máxima precisión	Narrar e comentar sucesos do pasado. Precisar cando suceden as accións. Transmitir discursos referidos. Falar de intencións.	Crónicas periodísticas. Contos Lendas
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Entoación para transmitir graos de gravidade dos eventos nun suceso Recursos para expresar intención	Temas sociais e culturais do ámbito das crónicas nos medios de comunicación. Fútbol y léxico específico	-Marcadores e construcións temporais: <i>justo en ese momento, estar a punto de, entonces.</i> - Usos do <i>imperfecto de indicativo, usos do imperfecto de subxuntivo</i> -Combinación dos tempos do pasado - Perífrases verbais con valor temporal+usos do xerundio. - Colocación dos adxectivos	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
<p>Narra e comenta sucesos do pasado. Entende oral e por escrito unha lenda. Precisa cando suceden as accións. Transmite discursos referidos. Fala de intencións. Escribe un suceso acontecido no seu entorno inmediato ou ben referido dun tempo lexano. Comprende oral e por escrito unha crónica deportiva</p>			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 10: Antes de que sea tarde

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 6 Curso de español. Nueva edición.B2.2</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Diseñar unha campaña de concienciación social sobre un problema medioambiental		
<b>CO</b>	Comprender novas relacionadas co medio ambiente		
<b>CE</b>	Entender informes sobre medio ambiente		
<b>PCOM</b>	Comprender campañas publicitarias e mediar na súa interpretación		
<b>PCEM</b>	Escribir unha campaña nos medios de comunicación		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>		<b>TEMA: Ecoloxía e medio ambiente</b>	
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
Hábitos de consumo no mundo. Campañas publicitarias en España. Espacios naturais en Galiza. Accións contra o cambio climático en España.		Falar de situacións hipotéticas no futuro expresando diferentes grados de certeza. Expresar datos referidos ó futuro, expresar hipóteses referidas ó futuro Expresar condicións para que aconteza algo Expresar desexos referidos ó futuro. Interpretar e dar instrucións. Expresar preferencia ou indiferencia.	Folletos, Campañas/Anuncios radiofónicos, televisivos e gráficos. Noticias de prensa
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Entoación para transmitir graos de gravidade dos eventos nun suceso Recursos para expresar intención	Ecoloxía e o medio ambiente. Consumo: consumismo, as compras e o comercio. Recursos de cohesión léxica e gramatical: sinónimos, hiperónimos, pronomes, etc. As nominalizacións.	- Recursos para organizar feitos cronolóxicamente no futuro: Futuro+ <i>antes de que, despues de que, en cuanto...</i> +Presente Indicativo/Imprefecto de Subjuntivo - Preguntar e expresar desexos : <i>¡Qué ganas tengo...!</i> , <i>Que+ PRES. de SUBJ., Si+ IMP. De SUBJ.</i> -Expresar preferencia ou indiferencia: <i>Si me dan a elegir, ¡qué más da!</i> , etc.	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
Fala de situacións hipotéticas no futuro expresando diferentes grados de certeza. Expresa datos referidos ó futuro, expresar hipóteses referidas ó futuro Expresa condicións para que aconteza algo Expresa oral e por escrito desexos referidos ao futuro. Expresa preferencia ou indiferencia. Describe oral e por escrito problemas medioambientais Comprende oral e por escrito unha campaña publicitaria			

## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 11: Vivir para trabajar

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 6 Curso de español. Nueva edición. B2.2</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Escribir una páxina de presentación para a web dunha empresa		
<b>CO</b>	Comprender ofertas de traballo Participar nunha entrevista de traballo		
<b>CE</b>	Entender descrición de proxectos empresariais		
<b>PCOM</b>	Comprender entrevistas de traballo e experiencias laborais		
<b>PCEM</b>	Escribir unha carta de presentación a un posto de traballo		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>			<b>TEMA: Trabajo</b>
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
O mercado laboral en España. A conciliación laboral en España. Novas iniciativas empresariais no mundo hispano.	Reformular e exemplificar para facilitar a descrición e a transmisión de ideas.	Falar do traballo: cualidades, funcións, problemas e sentimentos. Expresar decepción, arrepentimento, sorpresa e extrañeza. Interpretar e responder a ofertas de emprego. Plantexar inconvincentes.	Currículo Solicitud, Carta de presentación Instancia, Anuncios de traballo Entrevista de traballo Reportaxe
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Pausas, puntos e comas como elementos de cohesión textual.	Traballo: características dos traballadores Empresas e actividades económicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As subordinadas concesivas: <i>aunque, a pesar de, por mucho que, por más que, por muy que, etc.</i></li> <li>- Elementos de cohesión gramatical, léxica e ortotipográfica.</li> <li>- Recursos para exemplificar: <i>por ejemplo, a modo de ejemplo</i>.</li> <li>- Recursos para reformular: <i>es decir, o sea, esto es</i></li> </ul>	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
<p>Fala do seu traballo e das súas experiencias laborais. Comprende oral e por escrito ofertas de emprego Interactúa nunha entrevista de traballo. Expresa decepción, arrepentimento, sorpresa e extrañeza. Propoñe inconvincentes a unha situación dada. Describe oral e por escrito problemas relacionados co mundo laboral Escribe unha carta de presentación a un posto de traballo</p>			



## TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA 12: Como no lo sabía...

<b>NIVEL</b>	Intermedio B2	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	2 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro de texto: <i>Aula 6 Curso de español. Nueva edición. B2.2</i> Fotocopias, audios e vídeos Internet	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupos
<b>OBXECTIVOS</b>			
<b>Tarefa final</b>	Preparar unha presentación sobre cómo podría ter sido a historia		
<b>CO</b>	Comprender testimonios de persoas sobre as súas decisión no pasado		
<b>CE</b>	Entender descrición de utopías		
<b>PCOM</b>	Comprender entrevistas a expertos en educación		
<b>PCEM</b>	Escribir unha presentación sobre como podía ter sido as súas vidas		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>			<b>TEMA: Educación</b>
<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos e de mediación</b>	<b>III- Funcionais</b>	<b>IV- Discursivos</b>
O sistema educativo en España. A organización dos centros de ensinanza universitarios e non universitarios Escritores latinoamericanos	Marcar ideas importantes nunha entrevista Destacar as causas e consecuencias dunha conversa e transmitila	Falar de habilidades. Falar de recordos e feitos esquecidos. Valorar feitos pasados. Falar de feitos non realizados no pasado e das súas consecuencias. Facer reproches e expresar arrepentimento. Transmitir as palabras doutros no pasado.	Artigo periodístico, Noticias radiofónicas, Reportaxe Biografías Conversas con reproches Entrevista
<b>V- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</b>	<b>VI-Léxicos</b>	<b>VII- Sintácticos e gramaticais</b>	
Pausas, puntos e comas como elementos de cohesión textual.	Expresións de cambio: <i>volverse, convertirse, etc.</i>  A educación: pedagogía, metodoloxía, psicoloxía, etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Pretérito Pluscuamperfecto de Subxuntivo, formas e usos.</li> <li>- O condicional composto, formas e usos.</li> <li>- Propositions subordinadas condicionais irrealis de pasado.</li> <li>- Propositions consecutivas e causais.</li> <li>- Recursos para retomar causas coñecidas: <i>como, al+INF., ya que, puesto que, dado que...</i></li> <li>- Construcións enfáticas con valor causal: <i>tanto...que, con/de lo/tanto</i>.</li> <li>- O discurso indirecto.</li> </ul>	
<b>AVALIACIÓN/MÍNIMOS ESIXIBLES</b>			
<p>Fala de habilidades que podería ter</p> <p>Fala de recordos e feitos esquecidos.</p> <p>Valora feitos pasados realizados e non realizados e das súas consecuencias.</p> <p>Fai reproches e expresa arrepentimento.</p> <p>Transmite as palabras doutros no pasado.</p> <p>Comprende oral e por escrito situacións utópicas</p> <p>Escribe unha presentación sobre cómo podería ter sido a súa vida.</p>			

## 5. Recursos didácticos

### Libros de texto

*Aula 5 Curso de español. Nueva edición.B2.1* Editorial Difusión

*Aula 6 Curso de español. Nueva edición.B2.2* Editorial Difusión

Alonso Raya, Rosario et alii: *Gramática básica del estudiante de español*. Barcelona, Difusión, 2005.

Coronado González, María Luisa; García González, Jaime; Zarzalejos Alonso, Alejandro: *A fondo 2*. Madrid, SGEL,2004

Chamorro Guerrero, María Dolores et alii: *Abanico*. Barcelona, Difusión, 1995.

Chamorro Guerrero, María Dolores et alii: *El ventilador*. Barcelona, Difusión, 2006.

Robles, Sara; Hierro, Antonio; Miranda, Francisca: *Actividades para el Marco común europeo B2*. Madrid, En clave ELE, 2007.

Ademáis se potenciará o uso de material real, como artigos de prensa, páxinas *web*, fragmentos de películas en español, etc.

## 6. Ensino semipresencial e en liña

### 6.1. Metodoloxía e actividades durante a docencia semipresencial e non presencial

#### ! Aula virtual

Todos os grupos e docentes contarán cunha aula virtual cuxo funcionamento básico e organización explicarán ao alumnado ao principio do curso académico. Empregaranse preferentemente Moodle ou Aula Cesga, sendo posible a utilización doutras ferramentas ou plataformas virtuais sempre que se facilite información ao alumnado sobre a súa natureza e seguridade informática.

Os contidos da Aula Virtual estarán organizados de maneira intuitiva cun sistema de etiquetado que permita a fácil identificación das actividades, o tipo de destreza e temática. A organización dos materiais permitirá un seguimento lóxico e secuencial do curso.

Habilitarase un sistema que permita a comunicación entre o a alumnado e o docente dentro da plataforma virtual, tanto para facilitar feedback sobre as actividades presentadas, como para resolver dúbidas puntuais. Se o alumnado e o docente o acordan, a Aula Virtual tamén poderá contar cun sistema de comunicación grupal, coma un foro de discusión ou similar.

#### ! Metodoloxía (Modalidade semipresencial rotatoria)

Na eventualidade de que o número de alumnos matriculados por grupo supere o número máximo de postos dispoñibles por aula, o grupo poderá pasar á modalidade semipresencial rotatoria na que se propoñen dous escenarios posibles:

- Se o número de asistentes supera notablemente o límite máximo, o grupo quedará dividido en dous que asistirán a unha sesión semanal das dúas posibles e utilizarán o resto de horas lectivas para o desenvolvemento das actividades propostas na aula virtual. A sesión presencial versará sobre contidos idénticos para os dous subgrupos. Neste escenario educativo, as sesións presenciais estarán enfocadas en actividades orais (producción, comprensión e mediación), mentres que os contidos da aula virtual estarán relacionados con actividades de produción, mediación e comprensión escrita e reforzo da comprensión oral.

- Se o número de asistentes supera lixeiramente o límite máximo permitido por aula, establecerase un sistema, mediante o cal os alumnos se irán turnando para garantir que non se exceda a asistencia máxima permitida. O alumnado que non poida asistir á sesión presencial terá acceso aos materiais de curso na aula virtual. O sistema de turnos non estará suxeito a modificacións puntuais co gallo de garantir a trazabilidade dos asistentes ás sesións presenciais en caso de abrocho. Neste escenario, as sesións presenciais manterán o equilibrio habitual de destrezas orais e escritas e o conxunto de actividades propostas aparecerá no repositorio organizado da aula virtual para o alumnado que non acoda por turnos.
- As actividades síncronas realizaranse preferentemente no horario presencial do grupo. Entre as actividades asíncronas, proporanse unha serie de exercicios esenciais a realizar dentro das horas lectivas do curso e outras actividades adicionais de reforzo a discreción do profesorado para a súa realización voluntaria por parte do alumnado.

## 6.2. Información, publicidade e detección de situacións de vulnerabilidade

### ! Información ao alumnado e ás familias, se proceder.

Na páxina web da EOI están dispoñibles os correos do profesorado para que o alumnos poida contactar co seu profesor.

Na sección de preguntas frecuentes da web da EOI, tamén se lle dan solucións a alumnado que non contan cos medios apropiados para facer o seguimento telemático.

Cada profesor/a terá aberto un grupo de **Telegram** que cumprirá as seguintes funcións:

- avisar e informar das ausencias tanto do profesorado como do alumnado;
- organizar a teledocencia;
- resolver posibles dúbidas;
- suministrar retos e pequenas tarefas relacionadas coas temáticas e obxectivos das aulas;
- compartir materiais;
- contribuir á cohesión, colaboración, acompañamento e benestar do grupo.

### ! Publicidade

Publicación na páxina web do centro e a través da redes social do Departamento, páxina en Facebook e do grupo aberto en *Telegram*.

### ! Detección precoz de alumnado en situación de vulnerabilidade

Ao principio e durante todo do curso, e contando coa información recollida pola Dirección do centro no proceso de matrícula, farase un diagnóstico preliminar do alumnado potencialmente vulnerable nun contexto de ensino semipresencial ou a distancia:

- ! Alumnado que non dispoña da tecnoloxía ou medios de conexión a Internet - daráselle prioridade para a asistencia a sesións presenciais no caso de ensino semipresencial rotatorio e facilitaranse copias escritas do material na medida do posible. O Centro e a Consellería de Educación poderán habilitar outras solucións puntuais para estes casos.
- ! Alumnado con necesidades especiais - daráselle prioridade para a asistencia a sesións presenciais no caso de ensino semipresencial e acceso a materiais adaptados na medida do posible. O Centro e a Consellería de Educación, en colaboración con asociacións especializadas e/ou as familias/titores, poderán habilitar outras solucións puntuais para estes casos.

## 7. Metodoloxía e avaliación (Ver documento “Partes comúns” na web)